

Inventar Venecia

Unha voz consolidada

MONTSE PENA PRESAS

Sinalar que Marcos Calveiro é un magnífico creador e recreador de ambientes é, quizais, dicir xa pouco na pretensión de resumir a súa traxectoria. Dende o arrecendo a salgado, enchido de maxín, de *Sari, soñador de mares* (2005), pasando polo maquinismo dezanovesco de *Rinocerontes e quimeras* (2007), pola cidade en guerra d'O *carteiro de Bagdad* (2007), sen esquecer a misteriosa Compostela do S. XVII en *Festina Lente* (2008), as súas novelas son unha fiestra aberta a unha realidade a miúdo afastada e pretérita. A xeito de pintura paisaxística en movemento, a escrita de Calveiro é unha máquina do tempo que nos leva, desta volta con *Settecento*, a percorrer as rúas da Venecia do S. XVIII da man do mestre Antonio Vivaldi. Ao seu carón, tres personaxes principais con forza de seu protagonizan un triángulo amoroso de mocidade: Aldo, un inocente mozo campesiño, aprendiz de luthier e protexido de Vivaldi; Caterina, alumna aventaxada e intelixente do mestre da música, marcada polo seu destino prefixado de muller da época; e Giacometto Casanova, o mítico conquistador –que o creador presenta aquí nunha das súas primeiras aventuras. O desexo por fuxir dunha cidade que se convertera en cárcere para ela propicia a traizón de Caterina aos seus amigos, de terribles consecuencias. Así comeza o nó da historia, que logo seguirá a pegada destes caracteres –con decadencia do mago do violino incluída– por diferentes lugares e tempos. Viaxaremos a Compostela, a París e a Viena, nun fío narrativo con analepses e prolepses que consegue o que procura: manter en cada páxina a intriga lectora. O multiperspectivismo achega aínda máis dinamismo á acción, ao erixirse sobre elementos coma unha voz narrativa obxectivista (que deixa paso a uns fantásticos diálogos) ou a cesión da visión a Leo (o león de

San Marcos, símbolo da cidade),

cuxos pensa-

mentos

–de ob-

serva-

do r

aventa-

xado –

coñece-

mos a

través do

uso do

estilo in-

directo li-

bre.

Calvei-

ro mane-

xa un ma-

terial na-

r r a t i v o

inxente pa-

ra unha no-

vela media

–refírome ao

tamaño, que non

á calidade- como é *Set-*

tecento. Non se trata de desvelar

algunhas das claves desta narración, mais por momentos a lectora demanda máis páxinas. Hai intrigas que quedan por resolver e que son abondo intrigantes para ser reconstruídas só polo maxín do receptor. Déixolles tan só dúas, por se len a novela: Por que remata Aldo en Compostela? Como chegan a el o guecho de Caterina e a composición inacabada de Vivaldi? Estes flocos soltos non impiden gozar dunha novela magnífica, que tira da lectura de comezo a fin e que confirma, unha vez máis, a Marcos Calveiro como a voz nova máis consolidada da literatura galega. Xoguemos con el a inventar Venecia.

CALVEIRO, Marcos, *Settecento*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP15,80 €

